

DOUS POEMAS PARA O POETA

Manuel Orestes poeta,
adiviño da ilusión
desde a esclarecida verba
nacida nesta nación
que te aventura profeta.

Manuel Orestes loitador,
cronista de sentimentos
da dignidade e o amor
á terra, que nos dá forza
para erguer na nosa voz
e versificar cantando
latexos dun corazón
que bate dentro do peito
cantando cousas do albor
nos fermosos amencer
e nas tardes de solpor
se anuncian as primaveras
cos recendos dunha flor;
entre silencios, memorias,
melancólicas cancións
que poñan voz aos silencios
no canto dun reiseñor.

Ouh, relator dos anceios
por soñar soños comigo:
Manuel Orestes, amigo,
por sementar ilusión,
por alentar inquedanzas
...o meu verso agradecido
coa esperanza, se consigo
que en ti se fagan honor
ao teu exemplo e ensino
co aprezo recoñecido
e a sentida admiración.

07-04-2015. Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

QUE NON QUEREMOS MÁIS NADA.

Poeta en verba enteira, amigo
da inocencia e da verdade, feitas drama
cando venden en sorrisos tantas bágoas
que profanan o amor da mai e a terra,
nos soños da nosa fala.
Se as palabras abondaran, meu amigo
e non mercaran ansias conformadas, silandeiras
que soñan vellas lembranzas nas paisaxes dos anceios
cheos de fume,
promesas inxenuas que aínda a verdade agachan
como a Lingua, esta Lingua que é a nosa, única nosa
que a teñen sempre apagada
vai na historia das idades que nunca foron contadas.
Semente inevitable do mañá,
na tradición que aínda por nós agarda
prognosticando amenceres nesa autoestima de ser
precisamente quen somos, ...que non queremos máis nada!
Manuel Orestes, poeta civil que xorde da terra.
Paradela, a terra mesma, a de nostalxias e ausencias
de esperanzas e porvir, do amor por ela
lonxe da dor que en prantos laia a inxusta e cruel memoria
de nós, na Patria, ...ai, se as palabras abondaran!

07-04-2015. Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.